

SIGNOS SEXUAIS

autor: Xosé R. Maiño

título: O sexo na
poesía popular

edita: O Cumio

Este traballo de Xosé R. Maiño Ferro é unha inmersión na poesía popular galega coas gafas do antropólogo. O tema elixido é o sexo, tema recorrente no medievo da nosa lingua. O obxectivo do traballo é *traducir* a simboloxía, a partir da premissa de que é utilizada polo poeta popular conscientemente, e facer, con estes elementos, unha lectura das diferentes concepcións das relacións amorosas. Senca lle falta á análise unha perspectiva temporal: parece por mo-

mentos que a sociedade da que o autor está a falar é inmutable (ou esqueceu dicimos que estaba a falar da sociedade galega dun momento en concreto). Máis aló deste detalle, o traballo ofrécenos unha pomenorizada escolma de exemplos: o autor non ten reservas na hora de citar abundantemente para apoiar os seus enunciados, co que por momentos non sabemos se estamos diante dun ensaio con citas ou dunha antoloxía comentada. A boa cara disto é que a lectura se fai moi sinxela e atractiva aínda para aqueles lectores non familiarizados coa linguaxe da antropoloxía ou da crítica literaria.

©DUARDO ©STÉVEZ